



## Xan Guindán

Xan Guindán quere casar,  
non tiña muller buscada,  
fuille faguer o amor  
á filla da tía Xoana.

“Boas noites tía Xoana,  
onde lle vai a rapaza?”  
“Vai buscar o gas pra noite,  
xa me parece que tarda.”

E dalí a unha miguiña  
entrou pola porta pra dentro:  
“Boas noites, Xan Quintán,  
tráíote no pensamento.”

“Ti decíasmo de risa  
se sei que as de vir de veras,  
i-ahora estou indo ó lume  
quentando as miñas canelas.”

“Logo tiñas muito frío,  
nunca Dios pra mal me dera  
seica nos imos casar  
agora prá primavera.”

“Eu casar, ben me casaba  
pero heiche de contar  
quería faguer unha saia  
e teño a lá por fiar,

os zapatos todos rotos,  
o pano todo furado,  
se téis cartos cómprame outro  
casámonos de contado.”